

Querido : as dúas partidas que gañaches á “escoba” , barreron para sempre a miña fama de imbatible gañadora. Despois xogamos ó parchís para gasta-lo tempo , e non fun quen de superar a tua racha de boa sorte.

Foron horas dunha tarde perdidas en xogos e estratexias , das que cadaquen coidaba proclamarse gañador. Iso esgota as forzas , cando recollemos os cubiletos eu so quería estar contigo en silencio contemplándonos. Non estabas pola labor de deixar este pulso e fixeches a absurda proposta de peregrinar polas casas de amigos que se andaban a xuntar para mata-lo aburrimiento.

Así sucumbin a primeira das torpezas da tarde de choiva que se ía indo para deixar que chegase unha tenebrosa noite de inverno. Éme doado deixarme levar , tantas veces o fixen na miña vida que aprendín ó arte de anestesiarse e segui-la corrente o antes posible. Por iso non o pasei mal cando me atopei a min mesma reunida en amoroso círculo de adoración ó televisor , e lembrei que inda son quen de complacer á sociedade.

Nas profundidades íntimas da ánima as cousas eran diferentes , percibín distraidamente a inqueda do ser , ouvín a pregunta suave de ¿qué é o que andas a facer ? , e a ignorei.

Despois quixeches ir a un “chino” , buscaches a mesa de sempre e fixeches a comanda dun prato que levas anos comendo. Eu cavilei sobre esa manía túa de regresar ós mesmo lugares , e imaxinei que sería para atopa-las mesmas felicidades doutros tempos. Aínda non sei se lograrei acepta-la testaruda espera que te leva a un pasado no que non estou eu.

Fixía divertirme mentras estabas a contar os desvaríos nos que entramos ó ir na busca da esquiva felicidade. Eu tiña ganas de che falar de cousas que pertencen a lugares secretos ós que viaxo sola , e nembargantes calei por medo a que levantaras un muro no que estamparme. Reprímome a min mesma por amolarte coas que eu coido que son cousas importantes e non atopo o xeito de deixar de ser esa insistente voz que te anima a que voltes a ti mesmo.

Chorando , descubro que o meu papel non é doado , que teño que aprender a non desexar poseerte , nin ter de ti , que terei que renunciar a eses egoismos , e quedarme só co desnudo amor.

Amarte é de veces amargo , incluso podería ser prescindible , o caso é que aínda que me parta en dúas metades cada unha cunha opinión diferente , a que só percibe a dureza de abandonar a creencia de quen son , e a outra a que atopa doce mel para o corazón , non hai xeito de escapar do destino.

Non che pido nada máis que que non fagas nada por me complacer , esta é a miña única condición , que non te coloques a ti mesmo onde eu me deixei levar cando quixen facer méritos para estar contigo. Por que a complacencia e o verdadeiro principio do odio.